

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación de Familias de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense (TRASCOS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Asociación de Familias de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense (TRASCOS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2025-2026, isto é o día 31 de agosto de 2026, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Familias de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense (TRASCOS) nas accións e actividades dirixidas á



mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno de Espectro Autista (TEA) e con trastornos da comunicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".



Que TRASCOS é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, constituída por pais e nais e demais persoas sensibilizadas co problema do trastorno do espectro autista e cos trastornos da comunicación, creada co obxectivo de apoiar ás persoas con trastornos da comunicación, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Fomentar, asistir e prestar todo tipo de axudas, nos aspectos legais, aos pais, nais ou titores en todo aquilo que atinxa ao tratamento, orientación e información ás familias ou titores/as en todas as facetas dos seus fillos e fillas ou tutelados/as.

b) promover actividades educativas, recreativas, culturais, deportivas, laborais, e asistenciais, mediante a promoción, creación, organización ou patrocinio de centros e servizos, en conformidade cos plans de actuación que aprobe a asemblea xeral e cumprirá con cantos requisitos sexan establecidos pola lexislación vixente.

c) Calquera outro fin que de modo directo ou indirecto, contribúa ao cumprimento da misión da Asociación ou redunde en beneficio das persoas con TEA e/ou discapacidade intelectual ou outros trastornos da comunicación.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) e con trastornos da comunicación, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

